



PROGRAMACIÓN

2º ESO

4º ESO

2º BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO 2022-2023



ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.	7
1.1 Marco Legal	7
1.2. O Centro.	8
1.3 O departamento.	9
1.4. Xustificación da programación.	10
2. ESO: Aspectos comúns.	12
2.1. Contexto educativo e características do alumnado.	12
2.2. Contribución do Francés LE ao desenvolvemento das competencias clave.	13
2.3. Obxectivos.	15
2.3.1. Obxectivos xerais.	15
2.3.2. Obxectivos específicos da materia.	17
2.4. Concrecións metodolóxicas.	18
2.4.1. Fundamento da metodoloxía.	18
2.4.2. A metodoloxía por contidos.	21
2.4.3. A metodoloxía de ensino presencial	25
2.5. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.	26
2.6. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectiva que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados	28
2.7. Medidas de atención á diversidade.	30
2.8. Concreción dos elementos transversais.	31
3. Francés 2ª Lingua Estranxeira 2º ESO.	34
3.1. Materiais e recursos didácticos.	34
3.1.1. Libros de texto.	34
3.1.2. Outros materiais e recursos.	34
3.2. A avaliación.	35
3.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación .	35

3.2.2. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	37
3.3. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	38
3.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.	40
3.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.	50
4. Francés 1ª Lingua Estranxeira 4º ESO.	53
4.1. Materiais e recursos didácticos.	53
4.1.1. Libros de texto.	53
4.1.2. Outros materiais e recursos.	53
4.2. A avaliación.	54
4.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	54
4.2.2. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	56
4.3. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	58
4.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.	61
4.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.	73
5. Francés 2ª Lingua Estranxeira 4º ESO.	81
5.1. Materiais e recursos didácticos.	81
5.1.1. Libros de texto.	81
5.1.2. Outros materiais e recursos.	81
5.2. A avaliación.	83
5.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	83
5.2.2. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	85
5.3. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	86
5.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.	89
5.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.	99

6. Bacharelato: 2º Bacharelato	103
6.1. Introducción e contextualización.	103
6.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	104
6.3. Obxectivos.	107
6.3.1. Obxectivos xerais.	107
6.3.2 Obxectivos específicos da materia.	108
6.4. Concrecións metodolóxicas.	109
6.4.1. Principios de base para a metodoloxía dun idioma estranxeiro.	109
6.4.2. Metodoloxía do método.	109
6.4.3. A metodoloxía de ensino presencial.	110
6.5. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.	111
6.6. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios no caso de Bacharelato.	112
6.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados.	112
6.8. Medidas de atención á diversidade.	114
6.9. Concreción dos elementos transversais.	115
7. Francés 1ª Lingua 2º Bacharelato.	118
7.1. Materiais e recursos didácticos.	118
7.1.1. Libros de texto .	118
7.1.2. Outros materiais e recursos.	118
7.2. A avaliación.	119
7.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	119
7.2.2. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	120
7.3. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	121
7.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.	125
7.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.	136
8. Francés 2ª Lingua 2º Bacharelato.	142

8.1. Materiais e recursos didácticos.	142
8.1.1.Libros de texto.	142
8.1.2. Outros materiais e recursos.	142
8.2. A avaliación.	143
8.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	143
8.2.2. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado	145
8.3. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	146
8.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.	149
8.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.	161
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	165
10. Actividades complementarias e extraescolares.	166
11. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	166

1. Introducción e contextualización.

1.1 Marco Legal

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 10 do RD 1105/2014, a finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en acadar que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

A seguinte programación segue as pautas que aparecen na Resolución do 16 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

“Así mesmo, o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para os cursos pares das etapas educativas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato será o establecido, respectivamente, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.”

Aplicarase a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1.2. O Centro.

No IES Val do Tea impártense as seguintes ensinanzas:

- ESO
- BACHARELATO
- ESA
- EOI (Inglés e Francés)

O IES Val do Tea está situado en Ponteareas, na provincia de Pontevedra. Ponteareas está formada polo núcleo urbano e por 24 parroquias.

O alumnado da etapa da ESO provén en parte do núcleo urbano e en parte do entorno rural e, polo xeral, cursou a etapa de Primaria no CEIP Fermín Bouza Brey de Ponteareas aínda que, dende hai dous cursos, tamén hai alumnado procedente do CEIP Antonio Blanco Rodríguez de O Covelo.

A este alumnado, en Bacharelato, súmase alumnado procedente do Colexio La Inmaculada, do CPR Santiago Apóstol de Ponteareas e tamén do CPI de Mondariz.

En Ponteareas, o alumnado ten a súa disposición lugares para poder estudar ou buscar información como a Biblioteca municipal, lugares para desenvolver actividades musicais como o conservatorio oficial de música e a escola de música , lugares de espectáculos ou exposicións como O Auditorio Reveriano Soutullo e lugares para practicar actividades deportivas como o Pavillón de deportes, a piscina municipal, o campo de fútbol de Pardellas, as pistas de tenis da Freixa... Nas parroquias, tamén atopamos casa culturais onde se levan a cabo actividades diversas e lugares para practicar deportes como campos de fútbol ou pistas deportivas. En Ponteareas, tamén existe unha rede wifi municipal que permite conectarse a Internet nos parques e nas prazas públicas do concello.

O IES Val do Tea é un centro público cunha maioría de alumnos orixinarios da comarca pero tamén con alumnos procedentes da emigración. Caracterízase por ser un centro integrador, que fomenta a convivencia educando en valores.

O alumnado do IES Val do Tea é en xeral bilingüe, castelán e galego falante. Empezan a estudar unha primeira lingua estranxeira en Educación Primaria, xeralmente o Inglés e en Educación Secundaria, en 1º ESO, comezan a aprender unha segunda lingua estranxeira, o Francés. Nos dous derradeiros cursos, o alumnado que procedía do CEIP Fermín Bouza Brey xa tivera un primeiro contacto coa Lingua Francesa en 6º de Primaria. Esa iniciación levarase a cabo na hora de Libre Configuración.

1.3. O departamento de Francés.

-Profesorado

O departamento de Francés queda constituído por:

María Dolores Táboas Alonso, profesora de ensino secundaria con destino definitivo no Centro, que impartirá 18 horas de Francés (12 horas de 2ª Lingua Estranxeira e 6 horas de 1ª Lingua Estranxeira)

María Carmen Pérez Muradás, profesora de ensino secundario e xefa de departamento, que impartirá 16 horas de Francés (13 horas de 2ª Lingua Estranxeira e 3 horas de 1ª Lingua Estranxeira).

-Grupos de Francés e distribución

Os grupos de Francés son 13: 3 de 1ª Lingua Estranxeira e 10 de 2ª Lingua Estranxeira.

NIVEL	MATERIA	GRUPOS	HORAS GRUPO	TOTAL HORAS
1º ESO	FRANCÉS 2ª LE	3	2	6
2º ESO	FRANCÉS 2ª LE	3	2	6
3º ESO	FRANCÉS 2ª LE	1	3	3
4º ESO	FRANCÉS 1ª LE	1	3	3
4º ESO	FRANCÉS 2ª LE	1	3	3
1º BACH.	FRANCÉS 1ª LE	1	3	3
1º BACH.	FRANCÉS 2ª LE	1	4	4
2º BACH.	FRANCÉS 2ª LE	1	3	3
2º BACH.	FRANCÉS 2ª LE	1	3	3

Os grupos quedan asignados a cada unha das profesoras da seguinte maneira:

- M. Dolores Táboas Alonso : 1 grupo de 1º de E.S.O 2ª LE, 2 grupos de 2º ESO 2ª LE, 1 grupo de 3º de ESO 2ª LE, 1 grupo de 4º de ESO 1ª LE, 1 grupo de 4º de ESO 2ª LE e 1 grupo de 1º de Bacharelato 1ª LE .

- M. Carmen Pérez Muradás: 2 grupos de 1º ESO 2ª LE, 1 grupo de 2º de E.S.O 2ª LE, 1 grupo de 1º de Bacharelato 2ª LE, 1 grupo de 2º de Bacharelato 1ª LE e 1 grupo de 2º de Bacharelato 2ª LE .

-Material

O **Departamento** conta co seguinte material: lectores de CD, dicionarios bilingües e monolingües, material audio (CDs e DVDs), lecturas adaptadas, gramáticas, libros de vocabulario e civilización, métodos variados, un ordenador portátil e outro de sobremesa compartidos co departamento de Latín.

Na **Biblioteca** do centro, o alumnado ten á súa disposición: dicionarios para varios niveis, gramáticas con explicacións e exercicios para poder traballar de forma autónoma, cómics, lecturas graduadas e non graduadas, libros de conxugacións, libros sobre cultura francesa, autores literarios, obriñas de teatro,...

1.4. Xustificación da programación.

O incremento de relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e para a comunicación en xeral.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias, ao mesmo tempo que fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo (desenvolvendo o respecto a outros países, os seus falantes e as súas culturas), e permítenos comprender mellor a lingua propia.

A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas fai necesario o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla Comunidade.

Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorecen a libre circulación de persoas e facilitan a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria termine os seus estudos co coñecemento de, polo menos, dúas linguas estranxeiras. O Consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se debe dar un novo impulso ao ensino de idiomas que axude a desenvolver a idea de cidadanía europea, e recomenda a adquisición dun certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante a etapa educativa da Educación Secundaria Obrigatoria, así como de mecanismos que permitan continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta. Ese Consello establece, así mesmo, un marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, indicando que para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser capaz de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación.

O propósito fundamental é o desenvolvemento desta competencia comunicativa nos alumnos, adoptando un enfoque metodolóxico interactivo, formativo e global, para o que se tiveron en conta as últimas achegas e tendencias aparecidas no campo da didáctica das linguas estranxeiras, neste caso, Francés como segunda lingua estranxeira. É un enfoque interactivo pola ampla gama de actividades e recursos que o método ofrece, e formativo grazas á formulación comunicativa das actividades deseñadas que favorecen as actitudes de respecto e tolerancia. Por iso, este método quere desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos por medio dunha achega na que os contidos lingüísticos non son unha finalidade en si mesmos, senón que se utilizan cun propósito importante: son necesarios para poder participar activamente nas tarefas deseñadas e comunicarse cos demais participantes.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a Lei de Educación , modificada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidad Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no *Marco común europeo de referencia para as linguas*, son tres claves significativas.

A Lingua é considerada como vehículo esencial para a expresión de ideas, opinións o sentimentos e, por conseguinte, una vía privilexiada de apertura cara aos outros, e un instrumento indispensable para a adquisición de novas actitudes e coñecementos.

O estudo da lingua ten que ser un acercamento dirixido cara ao uso da lingua a través das actividades de comprensión, de expresión e de interacción oral e escrita cuxo obxectivo final é de contribuír a formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

2. ESO: ASPECTOS COMÚNS.

2.1. Contexto educativo e características do alumnado.

Na elaboración da programación tomouse como punto de partida a análise do contexto educativo, que, obviamente, vai condicionar a tarefa educativa tendo en conta tanto a situación da materia de **Francés** dentro da etapa da ESO, como as características xerais do alumnado .

A aprendizaxe do Francés 2ª Lingua Estranxeira comeza xeralmente no primeiro curso da etapa de secundaria, onde é a única materia específica ofertada polo centro en 1º e 2º de ESO, o que supón que a maior parte do alumnado curse a materia de Francés. Algúns/algunhas alumnos/as con dificultades, sobre todo en Linguas, quedan exentos/as de cursar a materia de Francés. Ese alumnado, proposto polos/polas titores/as da etapa ou do curso anterior, reciben un reforzo de Lingua Castelá ou de Lingua Galega.

En 3º e 4º da ESO, a segunda lingua estranxeira continúa sendo unha materia específica de oferta obrigada. Polo xeral, o número de alumnos/as que elixen esta materia diminúe porque aumenta o número de materias específicas entre as que poden elixir.

Tal como se establece no currículo oficial, nesta etapa lévase a cabo a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en ámbitos diversos: o das relacións persoais, o educativo, o académico relacionado cos contidos da materia e doutras materias do currículo, o público e o dos medios de comunicación.

Dado que nos achamos nunha etapa educativa de carácter obrigatorio, o conxunto dos alumnos dun Instituto de Ensino Secundario representa a diversidade da poboación da contorna social na cal se atopa o centro educativo. En consecuencia, é habitual que dentro dun mesmo grupo, o interese cara ás distintas materias, así como o grao de motivación, poidan variar substancialmente dun alumno a outro.

No caso do **Francés Segunda Lingua Estranxeira** a situación é algo distinta sobre todo en 3º e 4º de ESO. Ao tratarse dunha materia que elixen, os/as alumnos/as demostran ter, en xeral, un interese e unha motivación maiores. Ademais, moitos deles e as súas familias recoñecen o valor que representa na nosa sociedade o coñecemento de linguas estranxeiras, o cal supón unha percepción positiva da materia que pode contribuír a aumentar a motivación e a facilitar a aprendizaxe.

Dende o curso 2017-2018, tamén se imparte no Centro a materia de Francés 1ª Lingua estranxeira na ESO. Neste curso, hai un grupo de 4º de ESO. En xeral, son alumnos/as que elixeron facer o cambio de idioma, de Inglés a Francés, motivados polo contexto familiar. Teñen pais, nais, avós/avoas ou outros familiares que traballaron ou traballan en países francófonos e mostran interese por aprender a súa lingua e coñecer a súa cultura.

2.2. Contribución do Francés Lingua Estranxeira ao desenvolvemento das competencias clave.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que se atopan as competencias básicas. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias para o desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos (é algo máis que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os **coñecementos e as habilidades** nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse; formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento.

No noso sistema educativo (LOMCE), considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Aprender a aprender. (CAA)

- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Contribución do estudo da Lingua francesa as diferentes competencias:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Aínda que poida parecer que a materia de francés pouco ou nada contribúe a conseguir a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) a realidade é que a súa achega é importante. Forma parte desta competencia a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Das competencias citadas anteriormente teñen especial presenza no currículo desta materia: a competencia en comunicación lingüística, a competencia en aprender a aprender, a competencia social e cívica, a competencia dixital e a conciencia e expresións culturais.

2.3. Obxectivos.

2.3.1. Obxectivos xerais.

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos

posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Polo tanto, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo/a, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e

homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.3.2 Obxectivos específicos da materia.

- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.
- ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
- utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

2.4. Concrecións metodolóxicas.

2.4.1. Fundamento da metodoloxía adoptada.

Para acadar os obxectivos mencionados, a concepción dos materiais tivo en conta de maneira permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e o feito de tomar en conta a diversidade.

ENFOQUE COMUNICATIVO

De acordo coas prescricións españolas e europeas en termos de programación sobre o proceso de ensinanza/aprendizaxe das linguas estranxeiras, un dos obxectivos elementais do proxecto é a mellora da capacidade de comprensión e de expresión oral e escrita dos alumnos.

Todas as unidades propoñen actividades de comprensión e expresión oral, a partir da escoita de textos reais: diálogos auténticos, cancións, etc. Os diferentes materiais invitan, ademais, os alumnos a participar constantemente en situacións comunicativas que os incitan a desenvolveren diferentes estratexias de interpretación e de produción de mensaxes orais.

De maneira análoga, en todas as unidades un primeiro traballo de observación de documentos das diferentes modalidades preséntase para que os alumnos poidan unha vez que as súas características temáticas e formais estean establecidas, imitar, recrear e reinterpretar estes elementos estruturais nas súas propias producións. Todas estas proposicións intentaron manter un equilibrio entre a práctica de textos comunicativos con propósitos, estruturas, construcións de frases ou rexistros que respectan as convencións, e as suxestións de redacción máis lúdicas, abertas e creativas.

Conforme ao enfoque mencionado, a ensinanza dos ditos niveis lingüísticos presenta unha dobre faceta: dunha parte ampliar o léxico e a mellora da ortografía, e pola outra, a ineludible reflexión sobre as cuestións gramaticais, apuntando a explicitar o coñecemento do alumno co fin de que esta se converta principalmente en funcional en tanto que é un instrumento de comunicación.

APRENDIZAXE ACTIVA

O proceso de ensinanza/aprendizaxe da materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira coñeceu unha transformación progresiva e inexorable ao longo dos últimos anos. Dunha clase maxistral, na cal o alumno escoitaba unha explicación gramatical e facía exercicios sobre os contidos presentados, pasamos a unha clase activa, na que o profesor, a partir de bases teóricas sucintas, guía as actividades dos alumnos e resolve as dúbidas que van xurdindo. É a razón pola cal os contidos estritamente teóricos dos libros foron integrados no seo do desenvolvemento comunicativo, desenvolvendo o espazo para os documentos e os exercicios.

As informacións teóricas, presentadas no seo de marcos illados, non deben ser consideradas como un descenso do nivel de esixencia; ao contrario, o predominio dunha actividade de reflexión no seo da clase é quizais a única maneira de garantir unha aprendizaxe significativa, así o indica R. J. Sternberg, “unha gran parte do coñecemento é efémera; as habilidades de pensamento, non o son nunca”.

ENFOQUE POR TAREFAS

Traballar con tarefas, nunha clase de lingua, reenvía a unha lóxica de aprendizaxe de tipo construtivista, centrada no alumno, na que a adquisición de novas competencias está sometida á resolución da tarefa en tanto que ela mesma. Nesta medida, o alumno está considerado como un actor social que debe dedicarse a varias tarefas (non só á lingua), nun medio dado, como o indica o Marco Europeo común de referencia: *“Se os actos de palabra se realizan nas actividades da fala, estas inscribíense por elas mesmas no interior de accións en contexto social no que elas soas dan a súa plena significación. Hoxe “tarefa” na medida que a acción é o feito dun ou de varios suxeitos que mobilizan alí estratexicamente as competencias das que dispoñen con vistas a chegar a un resultado determinado. O enfoque baseándose sobre a acción, toma entón en conta os recursos cognitivos, afectivos e volutivos, así como o conxunto das capacidades específicas que posúe e pon en marcha o actor social.”*

A tarefa global que se atopa ao final de cada unidade foi pensada de maneira paralela aos contidos das leccións. Así, o alumno prepárase realizando as minitareas ao final de cada lección, de maneira que a realización da tarefa global é o resultado do traballo efectuado nas tres leccións de cada unidade.

INTEGRACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A noción de competencia constitúe o principio inspirador da proposición da Lei orgánica de educación en materia de programación. As competencias clave, entendidas no seo dunha combinación de habilidades, de coñecementos e de actitudes apuntando á “aplicación de saberes adquiridos”, son definidas como *“as capacidades que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao final da ensinanza obrigatoria, para poder alcanzar a súa plenitude persoal, exercer unha cidadanía activa, tomar parte na vida adulta de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da súa vida”*. Así, os diferentes ámbitos e materias teñen como obxectivo último contribuír á adquisición e ao desenvolvemento das competencias.

Das competencias emanan entón os obxectivos e os contidos de cada ámbito ou materia do programa tales como os criterios de avaliación, que achegan referencias que permiten apreciar o grao de adquisición destas por parte dos alumnos en cada estadio do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Naturalmente, o proceso lento e complexo que implica o desenvolvemento das competencias de base na formación integral do suxeito non pode ser limitado a un marco illado nos materiais dun proxecto educativo, pola contra, debe converterse no principio que rexe a concepción e a creación de todos os materiais que o compoñen.

É por isto que, no noso método, a integración de estratexias para o desenvolvemento das competencias está presente en todos os aspectos da súa concepción: desde a elección dos textos e das imaxes, a exposición dos contidos, a formulación das actividades, o ter en conta – desde a lingua francesa- aspectos que tratan outros ámbitos do coñecemento e do desenvolvemento do suxeito...., ata a súa incorporación en tanto que parte esencial da programación de calquera nivel das diferentes proposicións didácticas.

INCORPORACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Ao longo dos primeiros anos do século XXI, a revolución tecnolóxica acadou unha amplitude que a ensinanza, non pode e non debe, ignorar. Non se trata unicamente de incorporar as TIC no seo de actividades puntuais e como simples ferramentas que permitan facilitar a realización de certos procedementos (documentación, esquematización, presentación, etc.), senón de integralas no proceso de ensinanza/aprendizaxe aproveitándonos da súa potencialidade e dos seus recursos co fin de construír o coñecemento a través de camiños diferentes a aqueles utilizados habitualmente.

Neste sentido, a publicación no marco do proxecto dos Libros Dixitais adquire unha importancia especial, proxecto no que as novas tecnoloxías constituíu o eixe fundamental para a adquisición do coñecemento.

Isto non implica que as TIC se convertan desde este momento no único medio, porque o noso método non descarta os procedementos e os soportes tradicionais.

Os encerados dixitais (EDI) constitúen outra ferramenta que non cesa de ter importancia. Os métodos que imos utilizar contan cun conxunto de recursos específicos que comprende actividades especialmente propostas para traballar o diagnóstico de coñecementos previos dos alumnos ou a motivación, soste o desenvolvemento dos contidos da unidade e axudar á súa revisión.

TER EN CONTA A DIVERSIDADE

O programa De Francés Lingua Estranxeira debe ser flexible dabondo para adaptarse á diversidade de niveis que poden presentar os alumnos que teñen a posibilidade de comezar e rematar a súa aprendizaxe no curso de calquera ano ou etapa. Ademais, a escola actual non é un organismo homoxéneo, monolítico, no que todos os alumnos deben ter un rendemento idéntico tomando os mesmos camiños e cos mesmos horizontes vitais. Actualmente, as clases de ESO son espazos que comparten e no seo dos cales evolucionan os axentes implicados no proceso de ensinanza/aprendizaxe (alumnos e profesores) e iso faise desde perspectivas moi diferentes no que concirne a aspectos tan diversos coma os intereses persoais, os ritmos de aprendizaxe, as capacidades, a orixe, etc., que deben ser considerados en todo momento co fin de sacar o mellor partido de cada suxeito en todo momento.

Os métodos do curso actual apuntan a ter en conta a diversidade desde múltiples perspectivas: desde a elección de diferentes contidos e soportes na creación dos materiais xerais para dar cabida aos intereses diversos dos alumnos, ata a creación de materiais didácticos específicos, que permiten combinar diferentes ritmos e orixes: páxinas e material de reforzo, de afondamento e unha primeira unidade específica para introducirse na lingua estranxeira ou revisar coñecementos de anos anteriores.

2.4.2. A metodoloxía por contidos.

O apartado dos contidos desenvolveuse consonte tres pautas esenciais:

- As directrices do currículo de linguas estranxeiras na Educación Secundaria Obrigatoria.
- A selección dunha lingua auténtica que lle sirva ao alumnado para achegarse e comprender os/as adolescentes francófonos/as e que sexa verdadeiramente un vehículo de comunicación.
- Contidos motivadores para os/as alumnos/as a través do tratamento de temas próximos ás súas necesidades, aos seus intereses e ás súas experiencias.

REFLEXIÓN XERAL SOBRE A LINGUA

Gramática

A gramática que traballaremos é de tipo contextual, xa que nela tense en conta a dicotomía existente entre o oral e o escrito en francés. Os aspectos gramaticais seleccionáronse tendo en conta a súa función comunicativa.

A gramática abórdase e trabállase de xeito explícito en cada unha das unidades e leccións, tanto no *Livre de l'élève* como no *Cahier d'exercices*.

O procedemento adoptado é de tipo indutivo, partindo da observación sistemática por parte dos alumnos e que coa axuda do profesor reflexionan en común ata chegar ao coñecemento e formulación das regras gramaticais, aplicándoas a continuación e autocorrixíndose. De todos os xeitos, en cada unha das leccións atopamos pequenos cadros gramaticais, así como ao final do *Livre de l'élève* hai un resumo gramatical e de conxugación.

O profesor orienta e conduce os alumnos por medio da observación sistemática e de preguntas, para que descubran e reflexionen en común sobre o funcionamento da lingua francesa.

O papel do profesor non consiste en dar a solución ou enunciado a regra correspondente para a súa aprendizaxe de memoria, senón en axudar os alumnos a que cheguen ás súas propias deducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico do francés.

Léxico

Préstaselle unha grande atención a un elemento imprescindible da comunicación; o léxico. Como xa se dixo anteriormente, o vocabulario está traballado a través do contexto de cada unha das unidades. Os temas tratados están moi próximos ao mundo dos/as adolescentes (saúdos, presentacións, materias, materiais escolares, gustos e afeccións, actividades cotiás, vacacións...).

Así pois, o vocabulario trabállase en actividades que presentan exemplos de uso das palabras novas que se adquiren en cada unidade, dándolle ao/a alumno/a a posibilidade de empregalas nun contexto lingüístico concreto. Igualmente, explótase o contexto por medio de indicios lingüísticos (*mots transparents* parecidos ou iguais en francés e en español) e extralingüísticos (xestos, sons, debuxos, etc.).

Fonética

O obxectivo principal da metodoloxía empregada no ensino do francés é que o alumnado poida comunicarse nesa lingua; así pois, o traballo sistemático da pronunciación é unha necesidade, xa que o erro pode converterse nun impedimento para que a comunicación se poida levar a cabo.

A corrección fonética, a relación entre son e grafía, a entoación e a prosodia traballaránse ao longo do curso escolar de forma sistemática e progresiva.

Os contidos socioculturais

Os contidos socioculturais son un dos piares sobre os que se fundamenta este método, xa que en cada unha das unidades os/as alumnos/as aprenden de forma implícita a través dos actos de fala nas diferentes situacións de comunicación, non soamente determinadas funcións lingüísticas senón tamén a formulación de normas sociais, de certos costumes propios da cultura francófona, tales como o diferente rexistro que se debe utilizar en función da relación entre os/as interlocutores/as, a utilización adecuada das fórmulas de cortesía, é dicir, as diferentes maneiras nunha lingua e noutra.

Así pois, co explicitado anteriormente poderase conseguir que os/as alumnos/as se familiaricen coa nova cultura, ademais de que este coñecemento intercultural os/as axude a superar as diferenzas e as actitudes intolerantes debidas ao descoñecemento e a unha visión egocéntrica e moitas veces totalitaria do mundo.

Actividades

Neste método as destrezas comunicativas trátanse de maneira integrada. En cada unha das unidades (subdivididas nas correspondentes leccións), todas as actividades realízanse en catro vertentes:

- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Comprensión escrita.
- Expresión escrita.

Comprensión oral.

Avant l'écoute

Antes de realizar a actividade sensibilizaremos o alumnado sobre a situación de comunicación que lle imos presentar. Esta actividade realizarase por medio de preguntas do/a profesor/a: Exemplo: *Qui parle ?*, *Quel âge a-t-il / elle ?*, *Où il / elle habite ?...*

Après l'écoute

A escoita acompañarase dunha tarefa concreta para realizar por parte dos/as alumnos/as para centrar a súa atención e axudalos/as a que distingan entre a información importante e a accesoria. O máis importante é a posta en práctica de estratexias naturais de comprensión global.

Expresión oral.

As actividades orais poden ser de dous tipos:

Práctica oral controlada.

Nestas actividades os/as alumnos/as poñen en práctica, dunha forma controlada, aqueles aspectos lingüísticos (morfosintácticos, gramaticais, lexicais e de pronunciación) relevantes para unha correcta apropiación e a súa utilización posterior.

Práctica oral libre.

Son as actividades comunicativas que os/as alumnos/as realizarán dunha forma máis persoal e natural. Algunhas delas faranse en grupos de dous/dúas (poden facerse de forma que un/unha alumno/a saiba algo que o/a outro/a necesite para realizar a actividade). Os/as alumnos/as intercambiarán as informacións por medio de preguntas e respostas, de tal xeito que o intercambio de información se realice en francés dunha forma case natural.

Comprensión escrita.

É importante ler nunha lingua estranxeira para recoñecer graficamente a lingua oral, para ampliar o vocabulario, para reforzar as estruturas practicadas oralmente, para mellorar a pronunciación e a entoación, para aprender a interpretar un texto con obxecto de extraer a información necesaria, para ter un modelo que axude o alumno a expresarse por escrito, e tamén porque a lectura é un vehículo de coñecemento da lingua estranxeira.

Nestes cursos de lingua francesa na ESO, o noso interese céntrase en estimular os alumnos a ler ben en francés. As destrezas que se pretenden desenvolver (recadar información, experimentar pracer ou ampliar o coñecemento), implican unhas destrezas previas tales como:

- Utilizar o coñecemento do mundo exterior para facer predicións sobre o texto.
- Ser capaz de deducir o significado de palabras descoñecidas a partir do contexto e ser capaz tamén de ignorar aquelas palabras ou frases que non son necesariamente relevantes para interpretar o texto.
- Ter suficiente habilidade para ler con rapidez un texto extraendo a información principal.
- Saber atopar e extraer información específica.
- Saber distinguir as ideas principais da información subsidiaria ou non relevante.

Expresión escrita.

A dificultade da expresión escrita reside en gran parte nas notables diferenzas entre a linguaxe falada e a escrita: cando falamos, facémolo case sempre con frases curtas e veces incompletas, nun estilo máis informal; as contradicións, nun estilo formal non poden caber; a diferenza entre a forma escrita e a pronunciación oral constitúe outra dificultade engadida. Ademais, o alumno está limitado non só polo feito de non dominar totalmente a lingua estranxeira senón pola propia tarefa de organizar ideas, construír parágrafos, e, en xeral, manexar as técnicas que caracterizan a lingua escrita. As actividades que se deseñaron para axudar o alumno no desenvolvemento da súa competencia no campo da produción escrita cumpren os seguintes requisitos:

- Fan pensar polo feito de resolver un problema.
- Son de carácter lúdico, entretido.
- Comunican algo.
- Teñen unha utilidade concreta para o alumno.

A utilización de textos variados e relacionados cos intereses dos alumnos crea situacións escritas simuladas, moi próximas á realidade. Referímonos a actividades nas que os alumnos, a partir dun modelo, terán, por exemplo, que describir ilustracións coa axuda de palabras dadas, facer pequenos resumos, inventar slogans, etcétera.

A integración das catro destrezas comunicativas realízase, fundamentalmente, nas seccións *Dossier/ Tâche globale* (ao final de cada unidade), na que por medio dun traballo de tipo global os alumnos traballan as súas aptitudes orais e escritas. Son actividades que promoven a dinámica de grupo e desenvolven neles a imaxinación e a creatividade.

Así pois, e de acordo con todo o exposto, traballarase para que o francés se converta no medio privilexiado de intercambio de informacións na aula, creando situacións de comunicación reais.

2.4.3. A metodoloxía de ensino presencial

En coordinación co/ca titor/a, a comunicación coas familias será prioritaria e a base para poder levar a cabo o noso labor.

Aplicando a metodoloxía exposta nos puntos anteriores 2.4.1 e 2.4.2, teremos sobre todo en conta que ésta sexa :

- Activa xa que o alumnado será máis ca nunca o protagonista da súa aprendizaxe.
- Interactiva con diferentes tipos de actividades na aula ou online.

- Inmersiva cun enfoque comunicativo no que o alumnado poida traballar con actividades que simulen situacións da vida real, da súa vida cotiá.
- Individualizada: a interacción alumno/a-profesor/a responderá preferentemente a este carácter.
- Interdisciplinaria con actividades culturais francesas ou francófonas relacionadas coa Literatura, Xeografía, Historia, Artes Plásticas...

Teremos que facer fincapé na adquisición da autonomía no uso dos medios informáticos, polo que, neste momento de educación en modo presencial adicarase parte das clases a traballar o manexo dos recursos tecnolóxicos.

Cos grupos nos que o alumnado non dispoña de ordenador persoal na aula tratarase de acudir nalgunhas horas lectivas ás aulas de informática. É unha necesidade poder facelo pero non é sempre posible xa que as aulas de informática están a miúdo ocupadas polos grupos de TIC ou de Tecnoloxía.

Na aula de referencia, empregaremos diariamente o encerado dixital para que o manexo de E-DIXGAL en 1º e 2º ESO, do libro dixital nos demais grupos de ESO e da aula virtual en todos os grupos, se convirta nun hábito.

Solicitaremos pola aula virtual a todo o alumnado certas tarefas que terán que enviar en ficheiros Pdf. Eses ficheiros permiten a corrección e o acceso do alumnado a esa corrección na propia aula virtual.

2.5. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.

Contidos esixibles

Os contidos esixibles serán os da materia pendente que foron impartidos presencialmente no curso anterior ou cursos anteriores para certo alumnado. Daráselle a cada alumno/a unha relación dos contidos a estudar.

“O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 nun curso da educación secundaria obrigatoria e teña materias pendentes de primeiro e/ou terceiro curso poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue.”

Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes

No mes de outubro, convocarase a unha reunión ao alumnado con Francés pendente da E.S.O para expoñerlle o plan de traballo do Departamento. Daráselle para cada trimestre unhas datas nas que terá que vir recoller un dossier e outras datas para

entregalo. **Estes dossiers permitiralle revisar os contidos que se avaliarán en probas trimestrales.**

O profesorado do departamento quedará a enteira disposición do alumnado para resolver calquera dúbida que este teña, durante as clases se é posible e se o/a alumno/a segue cursando Francés e senón en calquera momento en que estea dispoñible, en horas de xefatura de Departamento, en recreos...

O alumnado coa materia de Francés pendente encontrará material para estudar e levar a cabo os traballos dos dossiers no Departamento de Francés e na Biblioteca do Centro (libros de texto, gramáticas, dicionarios...)

Procedementos para a cualificación de materias pendentes.

A – Superación da materia de forma progresiva durante o curso actual.

As profesoras realizarán un seguemento e control da evolución da alumna ou do alumno que teña a materia pendente co obxectivo prioritario, se segue cursando Francés, de integralo no curso de referencia xa que o carácter progresivo da materia fai posible adquirir os coñecementos e competencias que a/o alumna/o non adquiriu no curso anterior.

A/o alumna/o que siga cursando a materia de Francés aprobará automaticamente a materia pendente se logra aprobar a primeira avaliación do curso actual e a súa cualificación será un 5.

Se polo contrario, a progresión da alumna ou do alumno na 1ª avaliación do curso actual non fose positiva, deberá, igual que o alumnado que teña a materia pendente e xa non a curse, seguir o procedemento alternativo para tratar de acadar os obxectivos mínimos da materia pendente. Tamén poderá acollerse a este plan de reforzo o alumnado que recuperara a materia de forma progresiva na primeira avaliación do curso actual para mellorar a súa cualificación. A cualificación da materia pendente será a mellor das dúas notas obtidas.

B- Plan de reforzo durante o curso actual con avaliación continua.

A nota de cada avaliación será calculada sobre unha puntuación de 10 aplicando o seguinte reparto:

Coñecemento da lingua, comprensión escrita e expresión escrita)	75.00%	Proba escrita
Traballo	25.00%	Dossier

Ao longo do seguemento do plan de reforzo faranse axustes se fosen precisos.

Calcularase a media aritmética das tres avaliacións que será comunicada ao alumnado.

O alumnado que obtivese unha cualificación insuficiente (inferior a 5) realizará un exame global no mes de maio.

No período comprendido entre a 3ª Avaliación e a avaliación ordinaria, haberá un exame escrito de recuperación para o alumnado que non aprobara antes.

As datas fixadas para as probas de ESO serán entregadas por escrito nas reunións mencionadas anteriormente e recordadas nuns carteis que se colocarán nos taboleiros de avisos do centro, das aulas e na aula virtual.

2.6. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Deseño da avaliación inicial

O punto de partida de cada alumno/a (avaliación inicial) é importante para averiguar as necesidades de cada alumno/a e para saber como mellora ao longo do curso. As profesoras farán unha serie de preguntas orais e tamén unha proba escrita de avaliación inicial aos grupos de 2º e 4º ESO

Nas probas escritas, haberá preguntas de gramática, vocabulario, conxugacións, algúns exercicios de expresión escrita e de comprensión escrita. Esta proba non será computable nos resultados da 1ª avaliación.

A partir deses datos, as profesoras farán un balance do que as/os alumnas/os xa saben e das carencias observadas.

Durante o primeiro mes do curso, as profesoras reforzarán os aspectos necesarios para o seguimento do novo curso.

Medidas individuais ou colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave.

Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acaden os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización da Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporáse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

- Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas.
- Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración
- Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
- Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.
- Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertindo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación.
- Esixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado. As Tarefas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

2.7. Medidas de atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final.

O método da ESO ten en conta a singularidade de cada alumna/o, en tanto que como persoa e en proceso de formación permanente lle pode achegar ao grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase. Todo isto axúdanos: os/as alumnos/as en tanto que individualidades por separado progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dándolle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

-A adaptación dos obxectivos, dos contidos e das actividades propostas na programación das unidades.

-As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/as.

-O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, redaccións, debuxos, etc.

-A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.

-As páxinas **Je révise, Bilan oral, Tâche finale** no libro do alumno ou **Pour finir en E-Dixgal**, xunto con outras propostas polas profesoras danlles a oportunidade de participar e axudarse entre si segundo as capacidades de cada un/unha. Todas estas actividades permítenlles aos/ás alumnos/as tomar decisións e desenvolver a autonomía.

-O fomento da participación e da colaboración entre os/as alumnos/as con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O/a profesor/a axudará a que os/as alumnos/as sexan conscientes disto.

O método consta tamén de fichas fotocopiáveis que lle servirán ao/a profesor/a para observar o progreso do seu alumnado ao longo do curso.

Como profesorado de lingua estranxeira, sabemos que as adquisicións anteriores do alumnado son heteroxéneas, o mesmo que os seus procesos de aprendizaxe, e que se diversifican segundo cada individuo. Recoñecendo que a homoxeneidade non existe nunha clase de lingua, partimos xa dun punto positivo.

Trataremos, pois, de que todo o alumnado adquira un nivel de coñecementos e destrezas mínimas ao final das etapas. Para iso diversificaremos as técnicas e as modalidades pedagóxicas: a organización do espazo da clase e os agrupamentos de alumnos/as, farase por actividades, intereses, motivacións, etc.

Utilizaremos **pluralidade de técnicas**: visuais, auditivas, xogos, lecturas; **distintas modalidades de traballo**: individual, en parellas, en grupo que neste curso debido as medidas de seguridade se convertirá en traballo colobarativo sobre todo en actividades orais; alternancia de actividades.

Traballaremos sobre dificultades específicas, actividades sobre técnicas de estudo e daremos toda a axuda posible sobre a organización do traballo persoal.

Organizaremos **actividades de reforzo** para o alumnado con necesidades de aprendizaxe ou que teña dificultades para seguir o ritmo do grupo. As profesoras facilitaránlle ao alumnado material complementario de reforzo e quedarán nalgúns recreos para resolver dúbidas, practicar ou repasar temas impartidos.

2.8. Concreción dos elementos transversais.

A materia de idioma, tanto a primeira lingua coma a segunda, introduce doadamente entre os seus contidos o tema da transversalidade. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenvolver a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoiem os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os temas transversais abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa.

Os temas transversais permiten a transmisión de valores que van axudar á formación do alumnado como persoa. Eses valores son:

- Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.
- Rexeitamento dos xuízos precipitados baseados só nas aparencias.
- Valoración positiva da amizade e o compañeirismo dentro e fóra da aula.

-Educación para a paz, salientando a solidariedade e a tolerancia nas aulas, rexeitando calquera tipo de acoso escolar.

-Sensibilización ante a necesidade de respectar os dereitos e as obrigas de todos os membros da unidade familiar.

-Valoración do esforzo individual e da liberdade persoal como motivación para o alumnado.

-Valoración positiva da lingua estranxeira como medio para coñecer outras xentes e outras culturas.

-Reparto equitativo das tarefas sen discriminacións por razón de sexo.

-Rexeitamento das discriminacións baseadas no sexo, raza, crenzas, discapacidade... das persoas.

-Contribución á visibilización das mulleres ao longo da historia.

-Sensibilización para coidar o entorno : prevención de incendios forestais, necesidade de reciclar o lixo e de protexer o medio ambiente.

Nunha mesma unidade é posible encontrar distintos temas de transversalidade, mesmo de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo tema pode aparecer en varias unidades. Estes temas son:

- Educación emocional

-Toma de conciencia das propias emocións (estados de ánimo ou sentimentos) e das alleas.

-A través de diálogos fluídos, expresivos e receptivos, busca da empatía cara aos outros.

- Educación para a convivencia

-Actitude de respecto ás normas

- A negociación na aula.

-Potenciar as habilidades persoais.

-O traballo colaborativo.

-O respecto polas opinións dos demais.

- Expresión das opinións persoais..

-Respecto pola diversidade, de sexo, nacionalidade, raza, orientación relixiosa ou sexual.

- Educación para a saúde

-Hábitos de vida sa relacionados coa alimentación, a hixiene, as actividades de ocio e tempo libre, a afectividade, a sexualidade.

-Os problemas das adicións.

- Educación para a paz

-Análise de posibles actitudes discriminatorias, prexucios, agresividade

-Busca de información doutras culturas e interese por outras formas de vida.

-Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que nos rodea e proposta de posibles solucións.

- Educación do consumidor

-Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.

- Educación para a igualdade entre ambos sexos

-Coeducación: análise de xénero, linguaxe, reparto de roles, espacios, actitudes discriminatorias, libros de texto.

-Achegamento ao mundo da lectura, BD, cine e publicidade para analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas.

- Educación ambiental

-Debates acerca da protección do entorno

-Busca de solucións para conseguir un planeta sostible.

- Educación viaria

-Actitude de respecto ás normas e de responsabilidade como peatóns, viaxeiros, usuarios de bicicletas.

3. Francés 2ª Lingua Estranxeira 2º ESO.

3.1. Materiais e recursos didácticos.

3.1.1. Libros de texto para o curso 2022-2023.

- O alumnado de 2º ESO non terá libro de texto impreso xa que neste curso traballarán co proxecto **E-DIXGAL**.

-O alumnado utilizará **un caderno de exercicios: Club Parachute 2 de Santillana**.

Este caderno ven acompañado dun Carnet de bord (axenda e Porfolio). Tamén empregaremos certo material dixital deste método.

3.1.2. Outros materiais e recursos.

Nas aulas de referencia de 2º ESO, hai **ordenador para o/a profesor/a, proxector e encerado dixital**.

Hai tamén **un ordenador para cada un/unha dos/das alumnos/as**.

As novas tecnoloxías resultan moi útiles na aprendizaxe de linguas.

O apoio visual de imaxes, vídeos, documentais, ... resulta un elemento motivador para o alumnado. Esperta a súa curiosidade e capta a súa atención facendo a aprendizaxe máis amena.

En 2º ESO, neste curso seguimos co proxecto **E-DIXGAL**. Procuramos inculcar no alumnado o hábito de aprender a través das novas tecnoloxías e desenvolver as súas competencias no seu manexo. Será entón o noso material de referencia sempre que non atopemos problemas técnicos como acontece nalgunhas situacións (problema de carga dos ordenadores, de acceso...).

Na **aula virtual do Centro**, o alumnado atopará os cursos de Francés correspondentes ao seu nivel con contidos estudados na clase, actividades de repaso ou complementarias.

Utilizaranse tamén outros materiais de reforzo ou complementarios como **fichas de traballo, libros de lectura, cancións, vídeos...**

A lectura dunha maneira ou doutra sempre está presente no transcurso das sesións lectivas da materia de Francés. A lectura aparece en practicamente todas as actividades das clases de Francés: na lectura en voz alta de textos, de documentos

auténticos, de cancións, de poesías..., na corrección en conxunto dos exercicios, na lectura silenciosa de textos, de actividades, de enunciados.

Nas próximas reunións de Departamento, as profesoras elixirán un libro adaptado ao nivel de cada curso. Os/as alumnos/as lerán ese libro en voz alta nas clases de Francés e faranse actividades para comprobar a comprensión lectora e actividades que permitan repasar contidos gramaticais, lexicais e culturais.

O Departamento conta tamén con dicionarios monolingües e dicionarios bilingües, carteis con contidos dos diferentes cursos, material audiovisual (CDs e DVDs), lecturas adaptadas, revistas, gramáticas, libros de vocabulario e civilización, métodos variados, reprodutores de CD e un ordenador compartido co Departamento de Latín.

Na Biblioteca do centro, o alumnado ten á súa disposición: dicionarios para varios niveis, gramáticas con explicacións e exercicios co libriño de solucións para poder traballar de forma autónoma, cómics, lecturas graduadas e non graduadas, libros de conxugacións, libros sobre cultura francesa, autores literarios, obras de teatro,...

O Departamento de Francés utiliza tamén os recursos e as instalacións do centro como a Biblioteca para facer traballos, as aulas de Informática ou patio para facer xogos.

3.2. A avaliación.

3.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas exclusivamente lingüísticas resultan hoxe moi limitadas. **Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais dos que o profesor levará un control regular.**

A avaliación debe axudar aos/ás alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A **función formativa** da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/a desde o seu nivel inicial. Tamén é unha fonte de información moi importante para o/a profesor/a, xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades suscitadas polos/as alumnos/as, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Finalmente, a **función sumativa** da avaliación avalía a competencia comunicativa do alumnado con respecto aos obxectivos establecidos, e isto tradúcese en cualificacións.

Ao final de cada unidade didáctica da editorial Netex Smart en E-dixgal, atopamos o apartado **Pour finir** no que aparecen unha serie de exercicios de comprensión e expresión escrita, de comprensión e expresión oral, de vocabulario e de gramática que **permiten comprobar o aprendido ao longo dela e obter así unha visión global dos coñecementos**.

Están tamén **as actividades cotiás** que realizará o alumno ao longo da inmersión no idioma e que as profesoras terán en conta á hora de recompilar todos os datos necesarios para establecer o seu progreso real.

Ademais do material citado, non podemos esquecer o **Cahier d'exercices do alumno** que cun **Bilan écrit** informa da súa progresión, das lagoas (se existen) e o anima a proseguir o traballo.

Toda esta información, que as profesoras coñecerán con frecuencia, permitiralle detectar os problemas e formular as solucións pertinentes no momento adecuado. Despois de corrixir todos os exercicios na clase en conxunto, as profesoras recollerán con frecuencia os cadernos de actividades, os cadernos e as fotocopias de actividades entregadas para revisar todo este traballo de forma individual.

Os procedementos de avaliación serán:

- ◆ A observación
- ◆ A análise de producións dos alumnos
- ◆ Os intercambios orais
- ◆ As probas específicas

Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán os seguintes:

- ◆ Producións escritas sobre temas traballados que entregarán ao/a profesor/a (presentacións, diálogos, cuestionarios, anuncios, invitacións..) e rúbricas.
- ◆ Producións orais individuais ou por parellas sobre diferentes temas ou situacións reais e rúbricas.
- ◆ Exames escritos sobre o coñecemento da lingua e aspectos socioculturais (gramática, conxugación, ortografía, fonética, vocabulario, aspectos socioculturais) Estes exames recollerán exercicios similares aos traballados na clase.
- ◆ Probas de expresión oral e rúbricas.
- ◆ Probas de comprensión oral e rúbricas.

- ◆ Probas de expresión escrita e rúbricas.
- ◆ Probas de comprensión escrita e rúbricas.
- ◆ Proxectos.
- ◆ Caderno e caderno de exercicios.
- ◆ Traballo (aula, casa, E- Dixgal, aula virtual).
- ◆ Actitude.

3.2.2 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

-O alumnado estará informado dos criterios de cualificación da materia a través dunha copia que se lle entrega persoalmente. Tamén aparecerán nos cursos correspondentes da aula virtual.

-A avaliación será continua. Todos os contidos impartidos durante o curso serán permanentemente avaliados ao longo do curso.

-Ao final de cada avaliación daráselles aos/ás alumnos/as unha cualificación global, que será o resultado da valoración conxunta das actividades realizadas.

Calcularemos a **cualificación global de cada avaliación sobre unha puntuación de 10** aplicando o seguinte reparto:

Coñecemento da lingua e aspectos socioculturais (gramática, conxugación, ortografía, fonética, vocabulario, aspectos socioculturais)	30.00%	-Proba escrita
Comprensión oral	10.00%	-Proba oral -Rúbrica
Comprensión escrita	10.00%	-Proba escrita de comprensión -Rúbrica
Expresión escrita	15.00%	-Proba escrita -Rúbrica
Expresión oral	15.00%	-Proba oral -Rúbrica

Traballo diario	20.00%	-Traballo (aula, casa, Aula virtual) -Caderno -Caderno de exercicios -Actitude -Proxecto
-----------------	--------	--

Traballo diario

Na valoración do traballo diario, teranse en conta as actividades de clase, os traballos, as tarefas de casa, os cadernos e a actitude (interese, atención, puntualidade na presentación de traballos, orde e limpeza dos traballos e do caderno, participación no traballo colaborativo).

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, media que lle será comunicada ao alumnado no momento da entrega das notas da 3ª Avaliación.

Entre o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar unha proba final de recuperación. Será un exame único no que deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de reforzo e de ampliación. Poderá presentarse a unha proba final para mellorar a cualificación media obtida nas tres avaliacións. Será un exame escrito. A cualificación final ordinaria será a nota máis alta entre a media do curso e o resultado dese exame.

NOTA: No caso de detectar que un/unha alumno/a está realizando unha proba de xeito fraudulento ou simplemente copiando por un/unha compañeiro/a, o/a profesor/a procederá a retirarlle o exame. A cualificación do mencionado exame será de 0 e, lóxicamente non terá dereito a repetir o exame.

3.3. Estándares de aprendizaxe e competencias avaliáveis da materia e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No seguinte cuadro aparecen os estándares e competencias avaliáveis da materia e marcados en cor vermella os que consideraremos imprescindibles.

FRANCÉS 2º ESO Segunda Lingua Estranxeira	
Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave

Bloque 1. Comprensión de textos orais	
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
Bloque 2. Producción de textos orais	
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

		<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD
Bloque 4. Producción de textos escritos		
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC • CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe		
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB5.1. Identifica sons e grañas de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		<ul style="list-style-type: none"> • CC • CD • CAA • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. 		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC

3.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
▪ a	▪ B1.1. Uso de estratexias de	▪ B1.1. Comprender preguntas	▪ SLEB1.1. Comprende	▪ CCL

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ i 	<p>comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<p>e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<p>preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i 	<p>contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Execución: – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<p>recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>paralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. – Petición de axuda. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, 			

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	igualmente cotiás moi básicas.			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade. ▪ B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

FRANCÉS 2º de ESO Segunda Lingua Estranxeira.				
■ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	Amosa actitude positiva e interese por utilizar a lingua estranxeira na aula.	Observación directa na aula. Intercambios orais
■ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.		X	X	Fai presentacións breves e claras sobre temas educativos e ocupacionais do seu interese utilizando correctamente a linguaxe .	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
■ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que		X	X	Desenvólvese en situacións e xestións cotiás durante unha viaxe ou estadía	Observación directa na aula. Intercambios orais

4º ESO 1ª L E Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.				noutros países, podendo pedir atención, información ou axuda.	Probas específicas
<p>■ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>		✗	✗	Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono e intercambia información e puntos de vista sobre feitos do pasado, plans de futuro, indicacións ou instrucións, sentimentos ou temas cotiáns.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
<p>■ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>			✗	Interactúa en conversas formais, entrevistas e reunións educativas ou ocupacionais e trata de expresarse de maneira sinxela e coherente.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
Bloque 3: Comprensión de textos escritos					
<p>■ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).</p>	✗	✗	✗	Nas actividades de lectura, deduce significados a partir dos seus coñecementos lingüísticos e culturais, dos apoios visuais e dos seus medios informativos e sabe explicar esas inferencias.	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
<p>■ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter</p>	✗	✗	✗	Procura e comprende información específica en Internet e outros	Observación directa

4º ESO 1ª L E	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.				materiais de consulta sobre materias educativas ou asuntos ocupacionais, analizando a credibilidade do material.	Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
■ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).	X	X	X	Entende a información principal e relevante de anuncios e comunicacións de carácter público e institucional sobre asuntos persoais, educativos ou ocupacionais.	Observación directa Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
■ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.		X	X	Localiza información específica en textos xornalísticos de extensión media e identifica as conclusións principais.	Observación directa Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
■ PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	X	X	X	Comprende correspondencia persoal con descrições bastante detalladas en calquera soporte.	Observación directa Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
■ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).		X	X	Entende o suficiente de correspondencia formal en calquera soporte para poder reaccionar en consecuencia.	Observación directa Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
■ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de			X	Entende suficientemente instrucións sobre o uso de aparellos ou	Observación directa Lectura comprensiva de textos

4º ESO 1ª L E	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
aparelos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).				programas informáticos, a realización de actividades e normas de convivencia.	Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
<p>■ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</p>	X	X	X	Comprende aspectos xerais de textos de ficción e literarios contemporáneos breves e sinxelos.	Observación directa Lectura comprensiva de textos Exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
Bloque 4. Producción de textos escritos					
<p>■ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p>	X	X	X	Escribe con corrección informes breves e sinxelos sobre temas educativos, ocupacionais, acontecementos e sucesos.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
<p>■ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p>	X	X	X	Escribe correspondencia formal básica dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais seguindo as convencións formais.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
<p>■ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	X	X	X	Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves en soporte impreso e dixital.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
<p>■ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos</p>	X	X	X	Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats sobre experiencias persoais e temas do seu	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios.

4º ESO 1ª L E Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.				interese.	
■ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).		X	X	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios.
■ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.			X	Escribe o seu currículo en formato electrónico.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
■ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.	X	X	X	Anota información sinxela sobre asuntos habituais persoais, educativos e ocupacionais do seu interese.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
■ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	X	X	X	Presenta de xeito coidado textos escritos con corrección en soporte impreso e dixital	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe					
■ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	X	X	X	Pronuncia con corrección e utiliza patróns básicos de ritmo e entoación.	Observación directa Probas específicas Intercambios orais E exercicios de repetición fonética, ritmo e entoación
■ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros	X	X	X	Produce textos escritos con corrección en diferentes soportes.	Observación directa Probas específicas

4º ESO 1ª L E Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.					Fichas, cuestionarios
<p>■ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.</p>	X	X	X	Desenvólvese en situacións e xestións cotiás durante unha viaxe ou estadía noutros países, podendo pedir atención, información ou axuda..	Observación directa Probas específicas Intercambios orais
<p>■ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	X	X	X	Recoñece aspectos socioculturais relevantes e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira e fai comparacións coas propias podendo actuar como persoa plurilingüe de intermediario nun malentendido intercultural.	Observación directa
<p>■ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p>	X	X	X	Comprende e utiliza con corrección os recursos lingüísticos propios do seu nivel.	Observación directa Probas específicas Intercambios orais Fichas, cuestionarios
<p>■ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p>	X	X	X	Fai proba de riqueza léxica.	Observación directa Probas específicas Intercambios orais Fichas, cuestionarios
<p>■ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>		X	X	Participa en proxectos nos que interveñen varias linguas e relacionados cos temas transversais.	Observación directa

5. Francés 2ª Lingua Estranxeira 4º ESO.

5.1. Materiais e recursos didácticos.

5.1.1. Libros de texto para o curso 2022-2023.

Cuarto Curso ESO: Parachute 4 Ed. Santillana

- Libro de texto, caderno de actividades (traballarase dende a unidade 0 ata 6 ambas inclusive).
- Libro do profesor, C.Ds audio.
- Libro e materiais dixitais para os/as profesores/as e libro dixital para o alumnado dispoñible.

Os instrumentos para a aprendizaxe do francés como lingua estranxeira que podemos atopar neste método propóñense como un conxunto de materiais comunicativos para adolescentes da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, que lles ensinan a utilizar a lingua estranxeira en situacións reais máis ca aprender cousas que se esquecen en pouco tempo.

É, ademais, un método estruturado que trata os temas de forma clara e concisa. Con este enfoque, os materiais buscan desenvolver destrezas lingüísticas fundamentais, para permitirilles aos alumnos comunicarse con corrección e fluidez.

O método está deseñado para conseguir que a aprendizaxe sexa agradable, e asegura o éxito de acordo co nivel de capacidade e interese de cada alumno/a.

5.1.2. Outros materiais e recursos.

Nas aulas de referencia ou de desdobre de 4º ESO, hai **ordenador para o/a profesor/a, proxector e encerado dixital ou pantalla.**

Na aula virtual do Centro, o alumnado atopará os cursos de Francés correspondentes ao seu nivel con contidos estudados na clase e actividades de repaso.

As novas tecnoloxías resultan moi útiles na aprendizaxe de linguas. Intentarase que os alumnos as empreguen coa maior frecuencia posible.

O apoio visual de imaxes, vídeos, documentais, ... resulta un elemento motivador para o alumnado. Esperta a súa curiosidade e capta a súa atención facendo a aprendizaxe máis amena.

Realizarán exercicios en liña relacionados cos contidos estudados na clase: traballaranse fundamentalmente a comprensión oral e escrita e os coñecementos de gramática e vocabulario. As **actividades de “ Le Point du Fle”** teñen boa acollida entre o alumnado.

O alumnado tamén buscará información relacionada cos contidos culturais (biografías de personaxes famosos, acontecementos históricos, lugares, gastronomía, música, cine, literatura) e utilizarán eses datos para facer traballos, exposicións, carteis... Utilizaranse tamén outros materiais de reforzo ou complementarios como **fichas de traballo, libros de lectura, cancións, biografías....**

A lectura dunha maneira ou doutra sempre está presente no transcurso das sesións lectivas da materia de Francés. A lectura aparece en practicamente tódalas actividades das clases de Francés: na lectura en voz alta dos textos do libro, de documentos auténticos, de cancións, de poesías..., na corrección en conxunto dos exercicios dos libros, dos cadernos e das fichas, na lectura silenciosa de textos, de actividades, de enunciados.

Nas próximas reunións de Departamento, os/as profesores/as elixirán un libro adaptado ao nivel de cada curso. Os/as alumnos/as lerán ese libro en voz alta nas clases de Francés e faranse actividades para comprobar a comprensión lectora e actividades que permitan repasar contidos gramaticais, lexicais e culturais.

O departamento conta tamén con dicionarios monolingües e dicionarios bilingües, carteis con contidos dos diferentes cursos, material audiovisual (CDs e DVDs), lecturas adaptadas, revistas, gramáticas, libros de vocabulario e civilización, métodos variados, reprodutores de CD, un ordenador portátil compartido co Departamento de Latín.

Na biblioteca do centro, o alumnado ten á súa disposición: dicionarios para varios niveis, gramáticas con explicacións e exercicios co libriño de solucións para poder traballar de forma autónoma, cómics, lecturas graduadas e non graduadas, libros de conxugacións, libros sobre cultura francesa, autores literarios, obras de teatro,...

O Departamento de Francés utiliza tamén os recursos e as instalacións do centro como a Biblioteca para facer traballos, as aulas de Informática, o patio para facer xogos.

5.2. A avaliación.

5.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas exclusivamente lingüísticas resultan hoxe moi limitadas. **Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación** e inclúe o **traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais dos que o profesor levará un control regular.**

A avaliación debe axudar aos/ás alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A **función formativa** da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/a desde o seu nivel inicial. Tamén é unha fonte de información moi importante para o/a profesor/a, xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades suscitadas polos/as alumnos/as, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Finalmente, a **función sumativa** da avaliación avalía a competencia comunicativa do alumnado con respecto aos obxectivos establecidos, e isto tradúcese en cualificacións.

Ao final das unidades didácticas atopamos os apartados ***Bilan Oral, tâche finale, Vers le Delf*** no método Parachute no que se suscitan unha serie de exercicios de comprensión e expresión escrita, de comprensión e expresión oral, de vocabulario e de gramática que **permiten comprobar o aprendido ao longo dela e obter así unha visión global dos coñecementos.**

Están tamén **as actividades cotiás** que realizará o alumno ao longo da inmersión no idioma e que o/a profesor/a terá en conta á hora de recompilar todos os datos necesarios para establecer o seu progreso real.

Ademais do material citado, non podemos esquecer **o Cahier d'exercices do alumno** que cun **Bilan écrit** informa da súa progresión, das lagoas (se existen) e o anima a proseguir o traballo.

Toda esta información, que o/a profesor/a coñecerá con frecuencia, permitiralle detectar os problemas e formular as solucións pertinentes no momento adecuado. Despois de corrixir todos os exercicios na clase en conxunto, o/a profesor/a recollerá con frecuencia os cadernos de actividades, os cadernos e as fotocopias de actividades entregadas para revisar todo este traballo de forma individual.

Os procedementos de avaliación serán:

- ◆ A observación
- ◆ A análise de producións dos alumnos
- ◆ Os intercambios orais
- ◆ As probas específicas

Os Instrumentos de avaliación que se empregarán serán os seguintes:

- ◆ Producións escritas sobre temas traballados (presentacións, diálogos, cuestionarios, anuncios, invitacións, opinións...) e rúbricas.
- ◆ Producións orais individuais ou por parellas (sobre diferentes temas ou situacións reais) e rúbricas.
- ◆ Exames escritos sobre o coñecemento da lingua e aspectos socioculturais (gramática, conxugación, ortografía, fonética, vocabulario, aspectos socioculturais) Estes exames recollerán exercicios similares aos traballados na clase.
- ◆ Probas de expresión oral e rúbricas.
- ◆ Probas de comprensión oral e rúbricas.
- ◆ Probas de expresión escrita e rúbricas.
- ◆ Probas de comprensión escrita e rúbricas.
- ◆ Proxectos.
- ◆ Caderno.
- ◆ Caderno de exercicios,
- ◆ Traballo (aula, casa, Aula virtual)
- ◆ Actitude

5.2.2 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

-O alumnado estará informado dos criterios de cualificación da materia a través dunha copia que se lle entrega persoalmente. Tamén aparecerán nos cursos correspondentes da aula virtual.

-A avaliación será continua. Todos os contidos impartidos durante o curso serán permanentemente avaliados ao longo do curso.

-Ao final de cada avaliación daráselles aos/ás alumnos/as unha cualificación global, que será o resultado da valoración conxunta das actividades realizadas.

Calcularemos a **cualificación global** de cada avaliación sobre unha puntuación de **10** aplicando o seguinte reparto:

Coñecemento da lingua e aspectos socioculturais (gramática, conxugación, ortografía, fonética, vocabulario, aspectos socioculturais)	30.00%	-Proba escrita
Comprensión oral	10.00%	-Proba oral -Rúbrica
Comprensión escrita	10.00%	-Proba escrita de comprensión -Rúbrica
Expresión escrita	15.00%	-Proba escrita -Rúbrica
Expresión oral	15.00%	-Proba oral -Rúbrica
Traballo diario	20.00%	-Traballo (aula, casa, Aula virtual) -Caderno -Caderno de exercicios -Actitude -Proxecto

Traballo diario

Na valoración do traballo diario, teranse en conta as actividades de clase, os traballos, as tarefas de casa, o caderno e a actitude (interese, atención, puntualidade na presentación de traballos, orde e limpeza dos traballos e do caderno, participación no traballo colaborativo).

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, media que lle será comunicada ao alumnado no momento da entrega das notas da 3ª Avaliación.

Entre o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar unha proba final de recuperación. Será un exame único no que deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de reforzo e de ampliación. Poderá presentarse a unha proba final para mellorar a cualificación media obtida nas tres avaliacións. Será un exame escrito. A cualificación final ordinaria será a nota máis alta entre a media do curso e o resultado dese exame.

NOTA: No caso de detectar que un/unha alumno/a está realizando unha proba de xeito fraudulento ou simplemente copiando por un/unha compañeiro/a, o/a profesor/a procederá a retirarlle o exame. A cualificación do mencionado exame será de 0 e, lóxicamente non terá dereito a repetir o exame.

5.3. Estándares de aprendizaxe e competencias avaliáveis da materia e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No seguinte cuadro aparecen os estándares e competencias avaliáveis da materia e marcados en cor vermella os que consideraremos imprescindibles se algúns escenarios de proceso ensino-aprendizaxe o requiren.

FRANCÉS 4º ESO Segunda lingua Estranxeira	
Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais	
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC

	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
Bloque 2. Producción de textos orais	
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
Bloque 4. Producción de textos escritos	

<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe	
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC

5.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. ▪ SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade. ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.	relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.	<p>narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. 	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> – Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. – Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificar palabras de significado parecido. – Definir ou parafrasear un termo ou expresión. – Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. – Pedir axuda. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Usar linguaxe corporal culturalmente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>– Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo.</p> <p>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>▪ B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<p>▪ a</p> <p>▪ c</p> <p>▪ d</p> <p>▪ e</p> <p>▪ i</p>	<p>▪ B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre</p>	<p>▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.</p> <p>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para</p>	<p>▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</p> <p>▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</p> <p>▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>▪ SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p>

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<p>os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<p>contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 4: Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. ▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. ▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. ▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). ▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). – Revisión: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) – Reescritura definitiva. 	<p>básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e 	<ul style="list-style-type: none"> moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ e acentuación de palabras e frases. ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións 	<p>máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>		

FRANCÉS 4º de ESO Segunda Lingua Estranxeira				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>e advertencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. – Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			

Contidos sintáctico-discursivos		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (non seulement...mais aussi); disxunción; oposición/concesión (alors que, en revanche, cependant/tandis que, au lieu de + Inf.); comparación (le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que (ex: il a travaillé aussi bien que je l'attendais); si + Adj. /Adv. que (ex: Il n'est pas si intelligent que toi). ➤ Relacións temporais (lorsque, avant/après + Inf., aussitôt, au moment où, (à) chaque fois que). ➤ Exclamación (Comment, C'est parti!). ➤ Expresión do tempo: presente, pasado (imparfait), futuro. ➤ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (en + date), habitual (souvent, parfois). ➤ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (arriver à faire, réussir à); intención/deseño (avoir, l'intention de faire qqch, avoir envie de faire qqch., décider de faire qqch. avoir, l'intention de faire qqch.,; cortesía. ➤ Expresión da existencia (os presentativos); a entidade (artigos, , pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD y OI, "en", "y", proposicións adxectivais (où,dont); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos). ➤ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). ➤ Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination; pronome " y "). 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Expresión de relacións lóxicas: oposición/concesión (avoir beau + Inf.); ; consecuencia (c'est pourquoi, par conséquent, ainsi (donc)). ➤ Exclamación (Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles,). ➤ Negación (Pas ...de, Personne ne... Rien ne...). ➤ Interrogación (Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle? Ah bon?). ➤ Expresión do tempo: presente, pasado (imparfait), futuro. ➤ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (en + date), habitual (souvent, parfois), incoativo (futur proche; ex: je vais partir dans cinq minutes), terminativo. ➤ Expresión da modalidade: factualidade; necesidade; obriga/prohibición (<i>défense de, défendu de+ Inf., interdit de</i>); permiso (<i>permettre qqch. A qq'un, permettre de faire qqch. à qq'un</i>) ; cortesía. ➤ Expresión da existencia (os presentativos) ; entidade(pronomes persoais, morfoloxía (prefixos (<i>anti, hyper</i>) y sufixos (<i>-ette, -elle</i>), a cualidade, a posesión (<i>adxectivos posesivos</i>). ➤ Adverbios de cantidade e medidas (beaucoup de monde, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs). ➤ Divisións ; indicacións de tempo; ; secuenciación (puis, enfin); ; frecuencia (toujours, généralement, souvent, pas souvent, parfois, quelquefois, rarement, jamais, presque jamais). 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Expresión de relacións lóxicas: causa (à force de, sous prétexte de, faute de + Inf.); finalidade (de façon à, de manière à, de peur de, de crainte de + Inf.); consecuencia (c'est pourquoi, par conséquent, ainsi (donc)). ➤ Expresión do tempo: presente, pasado (imparfait), futuro, condicional (fórmulas de cortesía e consello). ➤ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (en + date), terminativo. ➤ Expresión da modalidade: factualidade; posibilidade/probabilidade (c'est (presque) certain, il y a de fortes chances pour que, il n'y a pas de chance pour que); intención/deseño (ça me plairait de, j'aimerais beaucoup faire qqch.); cortesía. ➤ Expresión da existencia (os presentativos); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos.). ➤ Expresión da cantidade: o grao.. Divisións simultaneidade (pendant, alors que). ➤ Expresión do modo: (Adv. de manière en -ement, -amment).

<p>➤ Expresión do tempo: puntual (tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de). Divisións (semestre, période, au moment où); indicacións de tempo; duración (encore / ne...plus); anterioridade (déjà); posterioridade (ensuite, puis); secuenciación (puis, enfin);</p>		
---	--	--

5.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.

4º ESO 2ª LE	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
Bloque 1. Comprensión de textos orais					
SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	X	X	X	Persevera no proceso de comprensión axustándoo ao seu nivel.	Observación directa na aula. Intercambios orais
SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	X	X	X	Capta a información oral máis importante de indicacións, anuncios e mensaxes breves.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probos específicas
SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	X	X	X	Comprende o esencial dunha conversa formal sobre asuntos persoais e educativos.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probos específicas
SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hotéis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	X	X	X	Capta os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probos específicas
SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	X	X	X	Comprende o esencial dunha conversa informal con descrições, narracións e opinións sobre temas cotiás e do seu interese.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probos específicas
SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas		X	X	Identifica as ideas principais de	Observación directa na aula.

4º ESO 2ª LE	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
Estándares de aprendizaxe					
e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.				materiais audiovisuais sobre asuntos cotiáns ou do seu interese.	
Bloque 2: Producción de textos orais					
SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	X	X	X	Fai presentacións breves seguindo un guión sobre temas do seu interese e responde a preguntas sinxelas de oíntes.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	X	X	X	Participa en conversas informais breves cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos dando opinións , facendo invitacións, pedindo ou dando instrucións.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	X	X	X	.Desenvólvese en situacións de xestións ou transaccións cotiás con corrección	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.		X	X	Desenvólvese nunha conversa formal, reunión ou entrevista de maneira simple.	Observación directa na aula. Intercambios orais Probas específicas
Bloque 3: Comprensión de textos escritos					
SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	X	X	X	Comprende o esencial da información de xornais en calquera soporte sobre temas xerais e do seu interese con axuda estrutural e visual.	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.		X	X	Identifica instrucións xerais breves con axuda de imaxes.sobre o funcionamento e manexo de aparellos .	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas

4º ESO 2ª LE	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
Estándares de aprendizaxe					
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	X	X	X	Comprende correspondencia informal en calquera formato, con datos persoais, descrições, narracións, expresións de sentimentos e opinións.	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	X	X	X	Comprende correspondencia formal en calquera formato sobre temas persoais ou educativos.	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	X	X	X	Comprende información de páxinas web sobre temas do seu interese.	Observación directa Lectura comprensiva de textos E exercicios de comprensión escrita de textos Probas específicas
Bloque 4. Producción de textos escritos					
SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	X	X	X	Escribe correspondencia a rapaces/zas de fala francesa.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	X	X	X	Completa cuestionarios con datos persoais e do seu interese.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	X	X	X	Escribe notas e mensaxes informais en diferentes soportes.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.		X	X	Escribe notas e mensaxes formais dirixidas a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais.	Observación directa Probas específicas Fichas e cuestionarios
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe					
SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles. trazos fonéticos e patróns básicos de ritmo e entoación.	Observación directa Probas específicas E exercicios de repetición fonética, ritmo e entoación
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua	X	X	X	Utiliza as convencións orais e	Observación directa

4º ESO 2ª L E	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	T1	T2	T3		
Estándares de aprendizaxe					
estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.				escritas básicas no desenvolvemento do proceso comunicativo.	
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	Pode explicar procesos de produción de textos e de hipóteses de significado grazas aos seus coñecementos doutras linguas.	Observación directa
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		X	X	Participa en proxectos nos que interveñen varias linguas e relacionados cos temas transversais.	Observación directa
SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	X	X	X	Comprende e comunica o que se lle pide nunha tarefa ou en situacións de necesidade inmediata da aula.	Observación directa Probas específicas Interacción oral

6. 2º BACHARELATO

6.1. **Introdución e contextualización.**

Esta programación está dirixida a alumnos/as de 2º de Bacharelato: é un método flexible que contempla a súa diversidade sociocultural, que ten en conta o nivel lingüístico dos alumnos e os seus intereses e expectativas.

A comunicación é a razón do presente método, primando as competencias xerais, lingüísticas ou non lingüísticas, as estratexias, capacidades e recursos persoais. Este método conduce o estudante a crear as súas propias estratexias de comprensión e de expresión.

O documento base para a descrición da aprendizaxe e o ensino das linguas e a definición dos currículos é o Marco Europeo Común de Referencia, que ofrece as características seguintes:

- un desenvolvemento rigoroso das competencias no ámbito lingüístico e das situacións de comunicación,

- unha progresión graduada e avaliable na aula á vez que individualmente,

- uns actos de comunicación coherentes co contexto que se concretan nuns procedementos adecuados aos obxectivos lingüísticos

- unhas estratexias que desenvolven cada unha das catro competencias de comunicación, dando a pauta para “aprender a aprender”. Igualmente, facilita actividades e exercicios de autoevaluación para que o estudante valore en que punto se atopa da aprendizaxe.

O método contempla “a materia lingüística” requirida nos centros especializados para a preparación ás acreditacións oficiais, como poden ser as probas para o DELF (Diplôme international d’Études da Langue Française).

Consideracións á hora de elaborar a programación desta materia en Bacharelato

En 2º de Bacharelato, o alumnado que opta pola materia Francés 2º Idioma adoita estudar Francés como segunda lingua durante a ESO e en 1º de Bacharelato, e o seu nivel de coñecementos é amplo; o feito de elixir a materia supón o seu interese pola mesma, á vez que querer continuar e en certo xeito culminar unha aprendizaxe anterior; pero poderíamos atopar igualmente alumnado principiante que pide á lingua estranxeira unhas nocións máis xerais. O método pode atender ás necesidades de ambos, e proporciona de forma sobrada esa competencia elemental. A propia idade dos/das

alumnos/as (de dezaseis anos en diante) fixo desenvolver unhas estratexias propias e unhas técnicas de aprendizaxe moi distintas e máis persoais que conducen a outro ritmo de aproveitamento e a outra progresión.

6.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que se atopan as competencias. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias para o desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos (é algo máis que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os **coñecementos e as habilidades** nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse; formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento.

No noso sistema educativo (LOMCE), considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
- Competencia dixital. (CD)

- Aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Contribución do estudo da Lingua francesa as diferentes competencias:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Aínda que poida parecer que a materia de francés pouco ou nada contribúe a conseguir a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) a realidade é que a súa achega é importante. Forma parte desta competencia a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Das competencias citadas anteriormente teñen especial presenza no currículo desta materia: a competencia en comunicación lingüística, a competencia en aprender a aprender, a competencia social e cívica, a competencia dixital e a conciencia e expresións culturais.

6.3. **Obxectivos.**

6.3.1. Obxectivos xerais.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

6.3.2 Obxectivos específicos da materia.

- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

- expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.

- ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

- escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.

- utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

- desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

- utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

- apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

- valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

6.4. Concrecións metodolóxicas.

6.4.1. Principios de base para a metodoloxía dun idioma estranxeiro.

Claridade e orde sistemática no proceso de aprendizaxe.

- Tratamento da lingua oral:

Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de textos orais.

Desenvolvemento da capacidade para a expresión oral: discriminar e reproducir sons, producir frases, enfiar conversas.

- Tratamento da lingua escrita:

Desenvolvemento da capacidade para a comprensión de instrucións: cadros, regras.

Desenvolvemento da capacidade para a lectura comprensiva dunha narración.

Desenvolvemento da capacidade para a expresión escrita.

Proporcionar os datos socioculturais necesarios para que o alumnado se familiarice cos elementos representativos do país cuxa lingua se está a estudar (formas de vida, temas diversos, valores).

6.4.2. Metodoloxía do método.

-A claridade e a sistematización son valores constantes no método.

A presentación de cadros que recollan as características dos feitos gramaticais, conxugacións, regras, é fundamental para a aprendizaxe.

O método está baseado nunha aprendizaxe progresiva que se concreta no tratamento dado a estes elementos:

1. Textos:

Sempre en función das situacións, as actividades e as tarefas, crecen en extensión, dificultade e complexidade a medida que avanza as unidades.

2. Actividades:

Son moi variadas para abarcar un ámbito o máis amplo posible, están vinculadas ao tipo de texto elixido, e seguen rigorosamente o proceso de aprendizaxe; os contidos descóbrense, trabállanse implícita e explicitamente mediante a súa conceptualización, para despois ser recollidos e reintroducidos de forma sistemática noutros novos contidos.

-A progresión, en espiral, atópase nas catro competencias e afecta tanto ao nivel lingüístico como ao sociolingüístico e pragmático.

Actividades sociolingüísticas e pragmáticas:

Neste nivel están moi vinculadas ás puramente lingüísticas. As fórmulas de cortesía e os usos habituais e cotiáns abórdanse en cada unidade como actividades de traballo na clase.

Os temas de cultura xeral abórdanse tamén en cada unidade.

Preténdese así lograr un dobre obxectivo: proporcionar unha base de datos que configure o campo cuxa lingua é obxecto de estudo, e afacer viaxar por un país francófono potenciando todas as capacidades para desenvolverse en situacións normais.

6.4.3. A metodoloxía de ensino presencial

En coordinación co/ca titor/a, a comunicación coas familias será prioritaria e a base para poder levar a cabo o traballo nos tres escenarios posibles.

Aplicando a metodoloxía exposta nos puntos anteriores 6.4.1 e 6.4.2, teremos sobre todo en conta que ésta sexa nas tres modalidades de ensino:

- Activa xa que o alumnado será máis ca nunca o protagonista da súa aprendizaxe.

- Interactiva con diferentes tipos de actividades na aula ou online.

-Inmersiva cun enfoque comunicativo no que o alumnado poida traballar con actividades que simulen situacións da vida real, da súa vida cotiá.

-Individualizada: a interacción alumno/a-profesor/a responderá preferentemente a este carácter.

-Interdisciplinaria con actividades culturais francesas ou francófonas relacionadas coa Literatura, Xeografía, Historia, Artes Plásticas...

Como nas outras etapas, teríamos que facer fincapé na adquisición da autonomía no manexo dos medios informáticos pero a maioría do alumnado desta etapa educativa xa ten un gran dominio deses recursos.

Tratarase de acudir nalgunhas horas lectivas ás aulas de informática. É unha necesidade poder facelo pero non é sempre posible xa que as aulas de informática están a miúdo ocupadas polos grupos de TIC ou tecnoloxía.

Solicitaremos pola aula virtual a todo o alumnado certas tarefas que terá que enviar en ficheiros Pdf. Eses ficheiros permiten a corrección e o acceso do alumnado a esa corrección na propia aula virtual.

6.5. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.

Contidos esixibles.

Os contidos esixibles serán os contidos relacionados cos estándares imprescindibles impartidos en 1º de Bach. durante as clases do curso 2021-2022. Daráselle a cada alumno/a unha relación dos contidos que teñen que estudar.

Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

No mes de outubro, se hai alumnado coa materia de Francés pendente de 1º de Bacharelato, convocarase unha reunión para expoñerlle **o plan de traballo** do Departamento e **a Xefa do Departamento facilitaralle todo o material necesario para a preparación dos exames.**

O profesorado do Departamento quedará a enteira disposición do alumnado para resolver calquera dúbida que este teña, durante as clases se é posible e se o/a alumno/a segue cursando Francés e senón en calquera momento en que esté dispoñible, en horas de xefatura de Departamento, en recreos...

O alumnado coa materia de Francés pendente encontrará material para estudar e levar a cabo os traballos recomendados no Departamento de Francés e na Biblioteca do Centro (libros de texto, gramáticas, dicionarios, C.Ds...)

Procedementos para a cualificación de materias pendentes.

Para o alumnado de Bacharelato, haberá **un exame a finais do mes de xaneiro** e se o resultado fose inferior a 5, tería **outra oportunidade de aprobar a materia**

pendente no mes de abril. Finalmente, no mes de xuño, terá lugar a proba de avaliación extraordinaria que consistirá nun exame escrito no que os/as alumnos/as deberán obter como mínimo un 5 para aprobar.

As datas fixadas para as probas de Francés pendente de BACHARELATO serán entregadas por escrito na reunión mencionada anteriormente e recordadas nuns carteis que se colocarán nos taboleiros de anuncio das aulas, das escaleiras e na aula virtual.

6.6. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios no caso de Bacharelato.

-A avaliación inicial é importante para averiguar as necesidades de cada alumno e para saber como mellora ao longo do curso. Este tema será tratado no punto seguinte, o punto 6.7.).

-O alumnado que decide facer un cambio de matrícula en 2º de Bacharelato, escollendo Francés 2ª Lingua II sen ter cursado a optativa Francés 2ª Lingua I deberá seguir os mesmos procedementos que o alumnado que ten a materia pendente, procedementos que aparecen expostos no punto 6.5. da programación.

6.7 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial.

O punto de partida de cada alumno/a (avaliación inicial) é importante para averiguar as necesidades de cada alumno e para saber como mellora ao longo do curso.

En Bacharelato, ao principio de curso, os/as profesores/as farán unha serie de preguntas orales e unha proba escrita, tomando como referencia os contidos do curso anterior.

Na proba escrita, haberá exercicios de expresión escrita e de comprensión escrita. Esta proba non será computable nos resultados da 1ª avaliación.

A partir deses datos, os/as profesores/as farán un balance do que os/as alumnos/as xa saben e das carencias observadas.

Durante as primeiras sesións do curso, os/as profesores/as reforzarán os aspectos necesarios para o seguimento do novo curso.

Medidas individuais ou colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados.

No marco dunha educación inclusiva, que responda á atención á diversidade, é preciso favorecer unha visión interdisciplinar que posibilite unha maior autonomía docente para satisfacer as demandas dunha educación máis personalizada e coas vías de comunicación entre a familia do alumnado e o centro de ensino sempre abertas.

Neste sentido, o alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar un desenvolvemento adecuado das súas competencias clave.

Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Pero, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización da Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

- Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas.
- Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración
- Entrevista co/coa alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
- Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos programados ás

necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.

- Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertindo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación.

- Esixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado. As Tarefas de Reforzo e ou Apoio, así como as de Ampliación, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

6.8. Medidas de atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final.

O método de Bacharelato é adecuado para unha diversidade de usuarios e débese á **flexibilidade** do mesmo: unha flexibilidade intrínseca, non decidida a posteriori. Este método ten en conta a enorme diversidade de niveis e situacións que se dan neste tramo educativo, ás veces nunha mesma aula.

O método é un proxecto completo: un conxunto de elementos a que permiten ao profesor adaptarse a cada situación concreta.

As características do material permiten varios modos de utilización. A posibilidade de combinar os compoñentes básicos con todo ou parte dos citados elementos complementarios, axustando a “dose” e o ritmo que requiran cada público e cada situación pedagóxica é un principio fundamental deste método.

Flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada para atender adecuadamente a diversidade do alumnado.

Como profesorado de lingua estranxeira, sabemos que as adquisicións anteriores do alumnado son heteroxéneas, o mesmo que os seus procesos de aprendizaxe, e que

se diversifican segundo cada individuo. Recoñecendo que a homoxeneidade non existe nunha clase de lingua, partimos xa dun punto positivo.

Trataremos, pois, de que todo o alumnado adquira un nivel de coñecementos e destrezas mínimas ao final das etapas. Para iso diversificaremos as técnicas e as modalidades pedagóxicas: a organización do espazo da clase e os agrupamentos de alumnos/as, farase por actividades, intereses, motivacións, etc.

Utilizaremos **pluralidade de técnicas**: visuais, auditivas, xogos, lecturas; **distintas modalidades de traballo**: individual, en parellas, en grupo; alternancia de actividades.

Traballaremos sobre dificultades específicas, actividades sobre técnicas de estudio e daremos toda a axuda posible sobre a organización do traballo persoal.

Organizaremos **actividades de reforzo** para o alumnado con necesidades de aprendizaxe ou que teñan dificultades para seguir o ritmo do grupo. As profesoras facilitaránlle ós alumnos material complementario de reforzo e quedarán nalgúns recreos para resolver dúbidas, practicar ou repasar temas impartidos.

6.9. Concreción dos elementos transversais.

A materia de idioma, tanto a primeira lingua coma a segunda, introduce doadamente entre os seus contidos o tema da transversalidade. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenvolver a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoiem os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os temas transversais abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa.

Os temas transversais permiten a transmisión de valores que van axudar á formación dos alumnos como persoas. Eses valores son:

-Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.

-Rexeitamento dos xuízos precipitados baseados só nas aparencias.

-Valoración positiva da amizade e o compañeirismo dentro e fóra da aula.

-Educación para a paz , salientando a solidariedade e a tolerancia nas aulas, rexeitando calquera tipo de acoso escolar.

-Sensibilización ante a necesidade de respecta-los dereitos e as obrigas de tódolos membros da unidade familiar.

-Valoración do esforzo individual e da liberdade persoal como motivación para o alumnado.

-Valoración positiva da lingua estranxeira como medio para coñecer outras xentes e outras culturas.

-Reparto equitativo das tarefas sen discriminacións por razón de sexo.

-Rexeitamento das discriminacións baseadas no sexo, raza, crenzas, discapacidade... das persoas.

-Contribución á visibilización das mulleres ao longo da historia.

-Sensibilización para coidar o entorno : prevención de incendios forestais, necesidade de reciclar o lixo e de protexer o medio ambiente.

Nunha mesma unidade é posible encontrar distintos temas de transversalidade, mesmo de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo tema pode aparecer en varias unidades. Estes temas son:

- Educación emocional

-Toma de conciencia das propias emocións (estados de ánimo ou sentimentos) e das alleas.

-A través de diálogos fluídos, expresivos e receptivos, busca da empatía cara aos outros.

-Desenvolvemento das habilidades persoais e sociais.

- Educación para a convivencia

-Actitude de respecto ás normas

- A negociación na aula.

-O traballo colaborativo.

-O respecto polas opinións dos demais.

- Expresión das opinións persoais.

-Respecto pola diversidade, de sexo, nacionalidade, raza, orientación relixiosa ou sexual.

- Educación para a saúde

-Hábitos de vida sa relacionados coa alimentación, a hixiene, as actividades de ocio e tempo libre, a afectividade, a sexualidade.

-Os problemas das adicións,

- Educación para a paz

-Analise de posibles actitudes discriminatorias, prexuicios, agresividade

-Busca de información doutras culturas e interese por outras formas de vida.

-Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que nos rodea e proposta de posibles solucións.

- Educación do consumidor

-Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.

- Educación para a igualdade entre ambos sexos

-Coeducación: análise de xénero, linguaxe, reparto de roles, espacios, actitudes discriminatorias, libros de texto,

-Achegamento ao mundo da lectura, BD, cine e publicidade para analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas.

- Educación ambiental

-Debates acerca da protección do entorno.

-Busca de solucións para conseguir un planeta sostible.

- Educación viaria

-Actitude de respecto ás normas e de responsabilidade como peatóns, viaxeiros, usuarios de bicicletas e outros vehículos.

7. FRANCÉS 1ª LINGUA 2º BACHARELATO

7.1. Materiais e recursos didácticos.

7.1.1. Libro de texto para o curso 2022-2023.

2º de Bacharelato 1ª Lingua

Non hai libro de texto pero a programación ten como referencia o libro de texto

C' est la vie! 2 Ed. Santillana.

- libro do profesor, C.Ds audio.

7.1.2. Outros materiais e recursos.

Empregaranse **materiais como fichas de traballo (de gramática, de léxico, textos sobre os diferentes temas estudados, textos de exames ABAU, libros de lectura, audios con exercicios de comprensión, cancións, biografías...**

Nas próximas reunións de Departamento, as profesoras elixirán un libro adaptado ó nivel de cada curso. Os/as alumnos/as lerán ese libro en voz alta nas clases de Francés e faranse actividades para comprobar a comprensión lectora e actividades que permitan repasar contidos gramaticais, lexicais, culturais

O Departamento conta tamén con **dicionarios monolingües e dicionarios bilingües, carteis con contidos dos diferentes cursos, material audiovisual (CDS e DVDS), lecturas adaptadas, revistas, gramáticas, libros de vocabulario e civilización, métodos variados**, reprodutores de CD, un ordenador portátil compartido co Departamento de Latín.

Na Biblioteca do centro, o alumnado ten á súa disposición: **dicionarios para varios niveis, gramáticas con explicacións e exercicios co libriño de solucións para poder traballar de forma autónoma, cómics, lecturas graduadas e non graduadas, libros de conxugacións, libros sobre cultura francesa, autores literarios, obras de teatro,...**

O Departamento de Francés utiliza tamén os recursos e as instalacións do centro como a Biblioteca para facer traballos, as aulas de Informática...

Empregaranse tamén as novas tecnoloxías e Internet para poder desenvolver as diferentes destrezas de forma máis amena.

-Na aula, hai **ordenador para o/a profesor/a, proxector e encerado dixital.**

-Os **recursos en Internet** para repasar temas gramaticais, lexicais e culturais son moi amplos. Entres eles atopamos a páxina **“Le point du Fle Apprendre et Enseigner le Français”** con máis de 12.000 ligazóns a cursos e exercicios.

Seguiremos tamén a actualidade a través dunha revista online, **L'Internaute Magazine** e do xornal dixital **RFI SAVOIRS “Journal en Français facile”**.

-Na aula virtual do Centro, o alumnado atopará o curso de Francés correspondente ao seu nivel cos contidos estudados na clase e actividades de repaso ou complementarias.

7.2. A avaliación.

7.2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación debe axudar aos/as alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A **función formativa** da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/a desde o seu nivel inicial. Tamén é unha fonte de información moi importante para o/a profesor/a, xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades suscitadas polos/as alumnos/as, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Finalmente, a **función sumativa** da avaliación avalía a competencia comunicativa do alumnado con respecto aos obxectivos establecidos, e isto tradúcese en cualificacións.

As catro destrezas de comprensión e expresión escrita e de comprensión e expresión oral serán todas practicadas constantemente a través das actividades organizadas polo/pola profesor/a.

Os procedementos de avaliación serán:

- ◆ A observación
- ◆ O análise de producións dos alumnos
- ◆ Os intercambios orais
- ◆ As probas específicas

Os Instrumentos de avaliacións que se empregarán serán os seguintes:

- ◆ producións escritas sobre temas traballados (redaccións, cuestionarios, resumos ...) e rúbricas.
- ◆ producións orais individuais ou por parellas sobre diferentes temas ou situacións reais e exposicións de temas de actualidade a través dun Power Point e rúbricas.
- ◆ 2 exames escritos por avaliación. Estes exames recollerán exercicios similares aos traballados na clase. Un exame será para avaliar os contidos impartidos (gramática, léxico...) e o outro exame seguirá o modelo da proba ABAU .
- ◆ unha proba oral por avaliación na que se utilizarán os coñecementos recibidos para representar situacións da vida real, para facer descrições,

exposicións ou para dar a súa opinión sobre un tema de actualidade e rúbricas.

- ◆ unha proba de comprensión oral por avaliación e rúbrica
- ◆ Traballo diario (aula, casa, Aula virtual)

7.2.2 Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

-O alumnado estará informado dos criterios de cualificación da materia a través dunha copia que se lle entrega persoalmente. Tamén aparecerán no curso correspondente da aula virtual.

-A avaliación será continua. Todos os contidos impartidos durante o curso serán permanentemente avaliados ao longo do curso.

-Ao final de cada avaliación daráselles aos/ás alumnos/as unha cualificación global, que será o resultado da valoración conxunta das actividades realizadas.

Calcularemos a cualificación global de cada avaliación sobre unha puntuación de 10 aplicando o seguinte reparto:

Coñecemento da lingua e aspectos socioculturais	35.00%	-Proba escrita
Modelo ABAU - Comprensión escrita - Léxico e gramática - Expresión escrita - Comprensión oral	35.00%	-Proba escrita -Rúbrica
Comprensión oral	10.00%	-Proba -Rúbrica
Expresión oral	10.00%	-Proba oral -Rúbrica
Traballo diario	10.00%	-Producións orais – Exposicións -Producións escritas

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións.

Entre o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 2º de Bacharelato, o alumnado que teña unha media inferior a 5 realizará unha serie de actividades de apoio e de reforzo que lle permitirá preparar a proba extraordinaria. Será un exame escrito no que o alumnado deberá obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Nese mesmo período, o alumnado que teña unha media de 5 ou superior a 5 realizará unha serie de actividades de preparación aos exames de acceso á universidade.

NOTA: En caso de detectar que o/a alumno/a está realizando unha proba de xeito fraudulento ou simplemente copiando por un/unha compañeiro/a, o/a profesor/a procederá a retirarlle o exame. A cualificación do mencionado exame será de 0 e, loxicamente non terá dereito a repetir o exame.

7.3. Estándares de aprendizaxe e competencias avaliáveis da materia e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No seguinte cuadro aparecen os estándares e competencias avaliáveis da materia e marcados en cor vermella os que consideraremos imprescindibles se algúns escenarios do proceso ensino-aprendizaxe o requiren.

FRANCÉS 2º de Bacharelato Primeira Lingua Estranxeira	
Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais	
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA • CSC

<p>extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<p>Bloque 2. Producción de textos orais</p>	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou graffiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

<p>ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD

•	
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe	
• PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
• PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
• PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
• PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
• PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
• PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
• PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD
• PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC
• PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CCEC • CD

7.4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Francés 2º de Bacharelato Primeira Lingua Estranxeira I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ c ■ f 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Estratexias de comprensión: ■ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. ■ Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). ■ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. ■ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). ■ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. ■ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ■ B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión. ■ B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración). ■ B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos. ■ B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresadas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara. ■ B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CCA ■ CSC ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CCA ■ CSC ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CCA

Francés 2º de Bacharelato Primeira Lingua Estranxeira I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión. 	<p>detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CSC ■ CCEC
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ c ■ f 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Estratexias de produción: ■ Planificación: ■ Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. ■ Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. ■ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. ■ Activación dos coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrigindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación. ■ B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un 	<ul style="list-style-type: none"> ■ PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). ■ PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC

Francés 2º de Bacharelato Primeira Lingua Estranxeira I				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
